

OBRADOIRO DE + MEMORIA

ACTIVIDADES ABRIL

21 de Abril de 2020

1- Le a seguinte lenda e responde as preguntas co que lembres sen mirar o texto.

A lagoa de Cospeito

No lugar no que hoxe se atopa a lagoa de Cospeito, existiu nun tempo unha vila que chamaban Valverde. Disque a esta vila chegou un día un mendigo pedindo pousada, pero todas as portas se ían pechando ao seu paso. Ata que, xa ás aforas do lugar, foi acollido nunha casiña humilde, onde lle deron abrigo. O mendigo pediu que polo amor de Deus lle desen tamén algo de comer, pero os veciños só tiñan unha becerra no cortello, a súa única forma de manutención. Así e todo, decidiron sacrificala para darlle comida a aquel pobre home.

Logo de cear, o visitante díxolles aos da casa que antes de se deitar, botasen os ósos pequenos da becerra no cortello pequeno, e os grandes no cortello grande; malia que non entendían a razón decidiron facelo así e foron durmir.

Ao día seguinte, ao mencer, o mendigo despertou a berros aos da casa pedíndolles leite para o almorzo. Os veciños pensaban que toleara e lembráronlle que o único animal que tiñan o mataran a noite anterior para darlle algo de cear. Pero o mendigo respondeulles: «¡Claro que tedes vacas que munxir! E iso é tan certo como que a vila de Valverde fica asolagada». Asombrados, os donos da casa foron aos cortellos e atoparon no pequeno varias becerras e no grande varias vacas. Logo miraron fóra e viron que a vila de Valverde fora, efectivamente, asolagada. Hoxe é a lagoa de Cospeito.

Hai quen di que aquel mendigo non era outro que Xesús Cristo, que andaba a comprobar a xenerosidade dos homes. E hai quen di que nas noites de San Xoán pódense escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde. e ata hai quen asegura ter visto en épocas de sequía os tellados da vella vila de Valverde.

BIBLIOGRAFÍA

ANACOS DA NOSA CULTURA. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións, oficios... Aparellos,,, Equipo de Normalización Lingüística do C. P. Veleiro Docampo, Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei (Lugo), Citania Publicacións, Lugo, 2000.

1. Cal é o título do texto?
2. Como lle chamaban á vila?
3. Que pedía o mendigo?
4. Que animal sacrificaron?
5. Que pedía o mendigo a berros pola mañá?
6. Quen di a xente que era o mendigo?
7. Que din que se pode escoitar nas noites de San Xoán?

2- No seguinte enlace atoparás un vídeo co que traballar a atención: <https://www.youtube.com/watch?v=H31oce0tjXA>

Vídeo 1

Segue as instrucións que aparecen no vídeo.

3- Neste enlace hai un reto para probar a túa memoria. Aparecerá unha figura durante uns segundos. Trata de recordar os seus detalles para recoñecela despois:

Vídeo 2

<https://www.youtube.com/watch?v=K9QoqZwt5LI>

4- Memoria visual. Observa a pintura de abaixo e trata de recordar tódolos detalles que poidas para responder as seguintes cuestións.



1. Cantas fiestras ten a casa?
2. De que cor é o bambán (columpio)?
3. Que contén a carretilla que está fronte a casa?
4. Hai representado algún animal?
5. De que cor son as flores que están ó pé da ponte?

5- Cálculo. Realiza as seguintes operacións aritméticas:

a) $150 + 25 =$

f) $375 - 175 =$

b) $350 + 125 =$

g) $125 - 75 =$

c) $425 + 150 =$

h) $125 - 50 =$


d) $1.025 + 350 =$

i) $450 - 125 =$

e) $1.325 + 350 =$

k) $475 - 125 =$

6- Fai a túa árbore xenealóxica engadindo ós teus avós, pais, tíos, irmáns e fillos.



7- Memoria evocativa. Nomea 10 cidades que teñan costa:

- 1-
- 2-
- 3-
- 4-
- 5-
- 6-
- 7-
- 8-
- 9-
- 10-

8- Atención. Busca no recadro de abaixo as seguintes cifras:

312 256 612 911 672

589	245	814	922	387	415	510
910	312	428	562	216	298	905
119	235	627	311	621	598	342
368	213	276	563	265	111	257
639	256	627	609	190	397	677
682	672	711	309	512	714	671
396	301	612	678	640	222	911
988	298	266	112	520	405	321

9- Memoria semántica. A continuación temos dúas columnas con pratos ou produtos tradicionais e países. Debemos relacionar cada comida co seu país de orixe.

Pizza

Xapón

Sushi

Irán

Couscous

Marrocos

Caviar

Noruega

Café

Italia

Salmón

Colombia

10- Sudokus. Completa os seguintes Sudokus sen repetires ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ó 6.

6	5	4			
1	2	3	6		
			3		1
3		1			2
4			2	3	5
2	3	5		1	

Sudoku. Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ó 9.

	7			2		1		6
9	6	5				7		
1				6	7		8	
5		9	3	7	1		6	
	8	7	6	5	4			
	1		2	8	9	5		7
		8						9
7	9	2		4			1	
6		1	7	9		4		8

11- Reto na casa:

Neste reto traballaremos a memoria e para elo precisaremos unha baralla de cartas

- Poñeremos tódalas cartas cara abaixo nunha mesa ou superficie.
- Levantando as cartas de dúas en dúas, trataremos de casalas (cabalo-cabalo, sota-sota, 3-3...)
- Cando levantemos a segunda carta, se non é a parella da primeira, deixaremos a primeira cara abaixo e trataremos de lembrar onde estaba para podela emparellar a próxima vez.
- Ó ir casando as cartas, retiraremos as da mesa.
- Poderemos xogar con máis persoas alternando as roldas para participar.

SOLUCIÓNS

1

1. A lagoa de Cospeito
2. Valverde
3. Pousada e algo de comer
4. Unha becerra
5. Leite para o almorzo
6. Xesús Cristo
7. As badaladas da igrexa de Valverde

4

1. Cinco
2. Branco
3. Flores
4. Un pato no río
5. Violetas

5

- | | |
|---------|--------|
| a) 175 | f) 550 |
| b) 475 | g) 200 |
| c) 575 | h) 175 |
| d) 1375 | i) 575 |
| e) 1675 | k) 600 |


7

A Coruña, Vigo, Xixón, Tenerife, Barcelona, Ferrol,
Málaga, Cádiz, Valencia, Almería

8

589	245	814	922	387	415	510
910	312	428	562	216	298	905
119	235	627	311	621	598	342
368	213	276	563	265	111	257
639	256	627	609	190	397	677
682	672	711	309	512	714	671
396	301	612	678	640	222	911
988	298	266	112	520	405	321

9



6	5	4	1	2	3
1	2	3	6	5	4
5	6	2	3	4	1
3	4	1	5	6	2
4	1	6	2	3	5
2	3	5	4	1	6

8	7	3	4	2	5	1	9	6
9	6	5	8	1	3	7	2	4
1	2	4	9	6	7	3	8	5
5	4	9	3	7	1	8	6	2
2	8	7	6	5	4	9	3	1
3	1	6	2	8	9	5	4	7
4	5	8	1	3	6	2	7	9
7	9	2	5	4	8	6	1	3
6	3	1	7	9	2	4	5	8